

BANDO

SOBRE O PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2026

D. XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES, ALCALDE DO CONCELLO DE BARRO FAI SABER:

Que se puxo en marcha por parte da Deputación de Pontevedra unha nova edición do programa “**Lecer en familia**”, unha iniciativa para facilitar o acceso a actividades de ocio de calidade en establecementos hostaleiros das Rías Baixas.

O programa ofrece unha **estancia dunha noite** (venres ou sábado) en períodos non lectivos ou vésperas de festivos, en hoteis da provincia de Pontevedra de tipo balneario, talaso ou spa, así como en zonas urbanas ou rurais, en réxime de **media pensión**.

Poderán participar as persoas que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, entre eles:

- Formar parte dunha **unidade familiar con menores a cargo e ter a residencia e estar empadroado/a** nalgunha localidade da provincia.
- Acreditar o parentesco até o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, convivindo no mesmo domicilio (salvo casos de separación ou divorcio legal).
- Ser unha persoa autónoma para as actividades da vida diaria e non padecer enfermidades incompatíbeis co programa ou con risco de contaxio.

A concesión das prazas levarase a cabo mediante un **sorteo** entre todas as solicitudes que cumpran os requisitos. As persoas interesadas en participar deberán presentar a súa solicitude no prazo establecido polo organismo provincial. O prazo estará aberto do **1 ao 15 de abril de 2026**.

Máis información en www.depo.gal.

O que se fai público para xeral coñecemento.



Asdo. Xosé Manuel Fernández Abrales
Alcalde de Barro